

BASES QUE REXERÁN O CONCURSO DE DISFRACES ENTROIDO 2019

Das inscricións e das comparsas

1ª.- Para participar no concurso de comparsas de Entroido é condición imprescindible formalizar a inscrición da comparsa nas oficinas municipais con anterioridade ás 15 horas do 28 de febreiro de 2019. As comparsas que non se inscriban no seu debido tempo non poderán optar a ningún dos premios establecidos nin ás axudas por participación obxecto destas bases.

2ª.- As comparsas, para formalizar a súa inscrición no concurso, farán constar o nome da comparsa e o número de membros que a compoñen, así coma un teléfono de contacto da persoa representante da mesma.

3ª Entenderase por comparsa a agrupación composta por un mínimo de 5 compoñentes que obrigatoriamente realicen unha actuación, ben sexan coplas, bailes ou representacións, e que teña unha duración entre 5 e 20 minutos.

4ª.- As comparsas deberán gardar unha unidade temática, tanto no seu vestuario coma na súa actuación.

Disposicións finais

7ª.- Para poder optar ás axudas por participación sinaladas no capítulo anterior é imprescindible que as comparsas participen nos actos de entroido programados para o domingo, 3 de marzo e que comezarán coa concentración das comparsas ás 17:00 na praza do Concello de Dumbría.

8ª.- As comparsas teñen a obriga de participar no pasarrúas inicial ata a praza da Igrexa, lugar onde se levarán a cabo as actuacións.

9ª.- A orde de participación tanto no desfile de comparsas coma na posterior actuación rexeráse segundo sorteo previo, a celebrar na Sala de Plenos da Casa do Concello o venres, 1 de marzo de 2019, ás 17:00 h.

10ª.- Os premios para o concurso de comparsas e disfraz individual son os seguintes:

-1º clasificado: 1.000 €

-2º clasificado: 500 €

-3º clasificado: 300 €

-Un premio de 150 € , ó disfraz individual máis orxinal.

No caso de producírense empates, os premios serán repartidos no modo que segue:

No caso de empate no 1º premio entre 2 comparsas, repartirase o 1º e 2º premio a partes iguais entre as comparsas empatadas.



Concello de Dumbría
www.dumbria.com

No caso de empate no 1º premio entre 3 ou máis comparsas, repartiranse os 3 premios a partes iguais entre as comparsas empatadas.

No caso de empate no 2º premio entre 2 ou máis comparsas, xuntarase o 2º premio e o 3º premio e repartiranse a partes iguais entre as comparsas empatadas.

No caso de empate no 3º premio, repartirase este a partes iguais entre as comparsas empatadas.

11ª.-As comparsas que non resulten premiadas terán unha axuda económica de 150 € pola súa participación nos actos de entroido. Esta axuda non é acumulativa ós premios.

12ª.- O xurado será designado polo Concello de Dumbría. Na selección dos premiados o xurado terá en conta os seguintes aspectos:

- Desfile: animación, complementos, carrozas, ... (25% da puntuación).
- Disfraces e maquillaxe: confección artesanal ou non, calidade e adaptación da maquillaxe ... (25% da puntuación).
- Actuación: posta en escena, música, coreografía, parodias, letras das coplas,... (50% da puntuación).

13ª.- A participación no concurso supón a aceptación destas bases. O fallo do xurado será inapelable.

14ª.- O concello resérvase o dereito de limitar o número de comparsas participantes no concurso.